

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

- 6481** *Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e se actualizan as medidas de seguranza na utilización das motos náuticas.*

I

O Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo, supuxo unha modificación substancial do contido das ensinanzas precisas para acceder ás ditas titulacións, así como das prácticas necesarias para a súa obtención, e adaptou as ensinanzas teóricas e prácticas ás técnicas máis actuais nesta materia.

Esta regulación pretende facer máis efectivo e seguro o goberno das embarcacións de recreo, establecendo un equilibrio entre os avances técnicos que conforman a construción das embarcacións de recreo e os seus equipamentos, e os coñecementos precisos para a súa utilización en condicións adecuadas de seguridade. Desta forma, produciuse unha mellora importante respecto da capacitación dos titulados náuticos de recreo, que comporta un incremento da seguridade da navegación e da vida humana no mar, así como da prevención da contaminación.

Desta forma, os coñecementos e a realización das prácticas precisas para obter as titulacións de recreo permiten, sen menoscabo das condicións de seguridade, que os posuidores destes títulos se encontren nunha situación que os capacita para o exercicio de determinadas actividades de prestación de servizos. Como é lóxico, esta habilitación das titulacións de recreo encóntrase limitada e exige que os servizos e as actividades de que se trate se encontren circunscritos e sexan acordes cos coñecementos e as atribucións precisas ao ámbito de actuación que establece o Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

Dunha forma máis concreta, existe un campo de prestación de servizos cuxo nivel retributivo non o fai atractivo para os profesionais da mariña mercante, sen que se correspondan tampouco coa súa alta cualificación, como sucede coas actividades relacionadas co transporte de persoas e subministracións con destino a embarcacións de recreo fondeadas en augas interiores marítimas ou a realización de excursións marítimas e de pesca en embarcacións de recreo, seguindo os precedentes establecidos pola lexislación nacional e autonómica en relación coa pesca turística. Estas limitacións poñen de manifesto que as habilitacións non son comparables ás titulacións profesionais no ámbito da mariña mercante e náutico-pesqueira.

Esta posibilidade coincide cunha reclamación largamente exposta por parte dos titulados náuticos de recreo no sentido de que a súa esfera de actividade poida estenderse ao exercicio de actuacións de prestación de servizos que resulten acordes coa titulación de recreo que posúan.

Dar satisfacción a esta demanda constitúe, ademais, un instrumento de fomento da práctica da navegación de recreo, sempre que isto se efectúe con suxeición ao disposto na lexislación marítima e na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. E esta é a situación que se pretende regular coa aprobación deste real decreto, que, no que a esta habilitación das titulacións náuticas se refire, se leva a cabo mediante a adición dun novo capítulo ao Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, integrado por tres artigos que se dedican a precisar o contido das habilitacións, os seus requisitos e o seu outorgamento pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Así mesmo, esta reforma principal vai acompañada doutras que reforzan determinados aspectos que inciden de maneira directa na calidade da formación dos títulos de recreo,

como é o aseguramento da necesidade de realizar prácticas regulamentarias de navegación ou a obrigatoriedade dos cursos de radiocomunicacións.

E, finalmente, lévanse a cabo outras modificacións do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, con fins que van, por unha parte, da necesidade de ter en conta os avances na Administración electrónica que permiten reducir cargas sobre os posuidores das titulacións náuticas e, por outra parte, á corrección de determinadas erratas ou cuestións que na práctica dificultaron a normal aplicación desta norma.

## II

Doutra parte, o tempo transcorrido desde a aprobación e publicación do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas, aconsella reformalo, dadas as modificacións lexislativas que se produciron e os avances que experimentaron tales artefactos, así como no que se refire ás modalidades de utilización destas. Esta formulación correspóndese tamén cunha petición, reiteradamente exposta, das federacións de motonáutica e dos profesionais e titulados do sector.

Co fin de proceder á consecución dos obxectivos expostos, considerouse preciso elaborar un real decreto que cubra as expectativas xeradas, con sometemento ao marco da lexislación vixente e salvaguardando os principios de seguridade marítima, da navegación, da vida humana no mar e da prevención da contaminación mariña.

## III

Non pode abordarse unha reforma do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, orientada á prestación profesional de certos servizos profesionais polos patróns das ditas embarcacións sen abordar, igualmente, a reforma das condicións de obtención do certificado de especialidade de patrón de embarcacións de recreo, regulado na disposición adicional quinta do Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.

Transcorridos oito anos desde a creación deste certificado, e tras afianzarse este cada vez máis, ponse de manifesto a necesidade de racionalizar tanto os requisitos de obtención deste, establecendo a superación de determinados cursos de especialidade máis acorde co traballo realizado polos ditos patróns que a exixida actualmente, como unha ampliación das súas atribucións profesionais.

## IV

En relación coa súa tramitación, este real decreto someteuse a audiencia dos interlocutores sociais máis representativos dos sectores afectados, de conformidade co previsto polo artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno e, así mesmo, someteuse a informe das comunidades autónomas litorais con competencia na materia e dos daquela ministerios de Emprego e Seguridade Social, de Economía e Competitividade e de Educación, Cultura e Deporte, así como do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

En coherencia coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, neste novo real decreto tratouse de asegurar a aplicación dos principios de boa regulación, sobre a base de que en todo momento se garantiu a participación dos cidadáns na elaboración da norma, o propósito de reforzar a seguridade xurídica e, finalmente, levar a cabo a avaliación periódica do ordenamento xurídico no ámbito de que se trata. Pódese afirmar que a súa aprobación responde a principios de necesidade e eficacia, xustificándose en razóns de interese xeral. As obrigacións que se impoñen no ámbito da navegación de recreo, incluíndo as motos náuticas, responden ao principio de proporcionalidade e resultan o menos restritivas posible. Igualmente, o novo marco considérase que incide positivamente na seguridade xurídica, a transparencia e a

eficiencia, no sentido que se prescribe nos artigos 127 a 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Finalmente, este real decreto apróbase no marco das competencias que a disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, confire ao Goberno, en aplicación do artigo 149.1.20 da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 5 de abril de 2019,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas.*

O Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas, queda modificado como segue:

Un. Modifícanse as letras a) e b) do número 2 do artigo 2.

«a) Alugamento por horas ou fracción, por empresas dedicadas a esta actividade previstas das instalacións que mediante este real decreto se determinan. A zona de navegación das motos náuticas que se gobernen baixo esta modalidade axustarase, como máximo, aos límites do circuíto establecido para isto no artigo 7.3.b), excepto no caso de que o arrendatario estea provisto do título correspondente, caso en que se asimilará ao arrendamento por días.

b) Alugamento por horas ou fracción, polas empresas indicadas na letra anterior, para a realización de excursións colectivas con monitor con titulación de motonáutica patroneando a moto náutica.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 5:

«1. Para gobernar motos náuticas, na modalidade de uso particular, o usuario deberá estar en posesión dalgúns dos títulos de patrón para a navegación básica, patrón de embarcacións de recreo, patrón de iate e capitán de iate, regulados polo Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.

2. Así mesmo, poderanse gobernar as motos náuticas, sen limitación de potencia, mediante a obtención da licenza prevista no artigo 11 do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

3. Para o goberno de motos náuticas arrendadas por días, de acordo coa modalidade prevista no artigo 2.2.c), requirirase estar en posesión do título correspondente, de acordo cos números 1 e 2. En todo caso, os datos da tarxeta acreditativa exhibida polo arrendatario deberán figurar no contrato de arrendamento.

4. Para o goberno de motos náuticas nas modalidades de alugamento previstas nas letras a) e b) do artigo 2.2 non será preciso que os usuarios teñan titulación ningunha cando as motos se utilicen en circuíto ou en excursións colectivas nos termos previstos no artigo 7.»

Tres. O artigo 6 queda redactado como segue.

«Artigo 6. *Uso particular das motos náuticas.*

1. O uso particular das motos náuticas non faculta para o transporte de pasaxeiros ou mercadorías en réxime comercial, salvo as excepcións previstas no artigo 35.4 do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

2. As motos náuticas poderán ser utilizadas para o remolque de esquiadores náuticos ou artefactos flotantes de uso deportivo ou recreativo, para o que será preciso cumprir coas seguintes condicións:

- a) En ningún momento o número de persoas a bordo da moto poderá superar o das prazas autorizadas para ela.
- b) O traxecto deberá efectuarse sempre fóra das zonas de baño, balizadas ou non, e respectando a normativa de prevención de abordaxes.
- c) Os artefactos flotantes non poderán ser ocupados por máis persoas que as establecidas nas instrucións técnicas do fabricante do artefacto ou, na falta destas, non se poderá transportar un número de persoas que poida dificultar ou pór en perigo a moto náutica, de acordo coa súa potencia ou características náuticas.
- d) As persoas que ocupen a moto remolcante e os artefactos remolcados deberán levar chaleco salvavidas, conforme o disposto no artigo 9.

3. En ningún caso estará permitido o arrastre ou remolque doutros artefactos ou obxectos flotantes distintos aos sinalados neste artigo.

4. O disposto neste artigo quedará sen efecto se se producen circunstancias que fagan necesario o arrastre ou remolque de artefactos ou obxectos por razóns de seguridade marítima ou da vida humana na mar.»

Catro. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Empresas de alugamento de motos náuticas por horas ou fracción.*

1. As empresas que se dediquen ao alugamento de motos náuticas por horas ou fracción deberán estar en posesión dos preceptivos permisos das administracións competentes e presentar unha declaración responsable ante a capitanía marítima que corresponda ao lugar en que se encontre a base ou instalación de que se trate.

2. A capitanía marítima que corresponda verificará, con posterioridade á presentación da declaración responsable, que a empresa conte, ao menos, coa seguinte infraestrutura:

- a) Que o abastecemento das motos se efectúe exclusivamente en porto ou nun lugar especialmente preparado para tal tarefa. Este deberao levar a cabo persoal técnico da empresa de alugamento e queda expresamente prohibido o abastecemento ou venda de combustible a motos náuticas ou outras embarcacións distintas das dedicadas ao alugamento pola empresa ou das sinaladas na letra b) seguinte. Queda, así mesmo, prohibido o abastecemento nas praias.
- b) Unha embarcación ou moto náutica para o traslado dos arrendatarios. Se a actividade ten a súa base de saída desde un porto e ten a autorización correspondente para partir desde esa base, non sería necesario este requisito.
- c) Se é necesaria a súa utilización, unha zona onde poder fondear as motos náuticas, ou plataformas flotantes onde permanezan as motos, até que sexan utilizadas polo arrendador, se así o considera oportuno o capitán marítimo, quen autorizará a localización exacta desta zona. As motos náuticas de alugamento non poderán estar varadas ou estacionadas na praia.
- d) Unha zona onde poder explicar ao arrendatario o funcionamento da moto náutica e as normativas que ten que cumprir. Esta zona poderá estar no porto, plataforma flotante ou calquera outro espazo onde se evite que o usuario se poida sentir indisposto pola acción do mar. A dita explicación deberá ser dada por un dos monitores. Esta clase teórica realizarase antes da utilización das motos náuticas, será sobre o seu manexo e normas básicas de navegación. As ditas clases teóricas terán a duración necesaria que asegure que o usuario asimile os coñecementos teóricos indispensables para o seu bo manexo e a seguridade na navegación.
- e) Unha embarcación ou moto náutica de salvamento para o traslado dos arrendatarios e daqueles outros que participen nos cursos de instrución.

f) As motos náuticas, para que poidan ser alugadas polos usuarios, estarán rexistradas e matriculadas na lista sexta de acordo co disposto na Orde do 16 de decembro de 1998.

g) A potencia máxima das motos de alugamento utilizadas nas modalidades de circuíto ou excursións colectivas en navegación estará limitada a 60 CV.

h) Disposición dos elementos mínimos de seguridade que se especifican no artigo 9 para os usuarios das motos náuticas, en función do número delas de que dispoña a empresa de alugamento.

i) Unha dotación mínima de persoal de dous monitores de motonáutica. Cada monitor-controlador supervisará un máximo de catro usuarios e a empresa deberá contar con monitores-controladores suficientes para os usuarios existentes en cada momento.

3. As empresas de alugamento por horas ou fracción, en circuítos, tamén deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Un circuíto de utilización delimitado por, ao menos, catro balizas, cuxas medidas, posición e distancia a terra serán establecidas pola capitanía marítima, tendo en conta as características da costa, tempos reinantes, correntes e demais circunstancias relacionadas coa seguridade marítima.

b) Poderán instalar unha base flotante, embarcación, plataforma ou moto náutica, desde onde o monitor controlará os usuarios. A súa posición deberá estar sempre na parte exterior do dito circuíto de forma que desde esta se poida supervisar e controlar a adecuada utilización do circuíto por parte dos usuarios. Calquera elemento que se utilice para o control dos usuarios deberá instalarse despois do orto e retirarse antes do ocaso. Se a zona o permite, poderase solicitar autorización do capitán marítimo para deixar a instalación fondeada de forma temporal.

c) En caso de que nunha mesma zona estea presente máis dunha empresa de alugamento, os seus circuítos de utilización deberán estar afastados uns doutros ao menos unha milla.

Así mesmo, en caso de uso de controis remotos, como dispositivos de seguridade con que o monitor poida parar unha ou varias motos simultaneamente, en caso de incumprimento das normas establecidas, o seu emprego será sempre baixo a súa responsabilidade e tendo en conta a seguridade dos usuarios.

4. As empresas de alugamento por horas ou fracción, en excursións colectivas, tamén deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) As excursións colectivas en navegación levaranse a cabo, de maneira preferente, cun monitor á fronte e os catro usuarios en posición de frecha de dous en dous, en paralelo, a continuación do monitor. A separación será, mínimo, de 25 metros, dependendo sempre do estado do mar, será o monitor quen decida esta distancia. Se hai máis de catro arrendatarios, faranse con outro monitor, coa mesma formación e separados da primeira. Os usuarios sempre deberán manter as distancias e formación que lles indicase o monitor e non poderán adiantarse entre eles.

b) Deberase informar a capitanía marítima correspondente do percorrido das distintas excursións que ofrezca a empresa, así como do seu tempo aproximado de duración.

5. As motos náuticas tamén poderán ser utilizadas para o remolque doutras motos náuticas ou de embarcacións de casco ríxido ou semirríxido de eslora inferior a 5 metros, cando sexa necesario para o exercicio de actividades relacionadas coas empresas de alugamento de motos náuticas ou por razóns deportivas, sempre que as motos náuticas ou as embarcacións remolcadas non poñan en perigo a seguridade da navegación da moto que efectúa o remolque.»

Cinco. Dáse nova redacción ao artigo 8:

«Artigo 8. *Rexistro de actividades.*

As empresas dedicadas ao alugamento de motos náuticas disporán dun libro de rexistro, á disposición da capitanía marítima, no cal se anotarán a identidade e a titulación náutica dos monitores e dos usuarios, así como a identificación das motos alugadas e os períodos de alugamento.»

Seis. Modifícanse os números 1 a 3 do artigo 10:

«1. As motos náuticas na modalidade de uso particular ou arrendamento por días non navegarán nas proximidades dos circuítos das empresas de alugamento nin das excursións colectivas organizadas por estas, nin tampouco nas zonas acoutadas para a celebración de eventos deportivos.

2. As motos náuticas que se aluguen por hora ou fracción, excepto as utilizadas por usuarios provistos de titulación válida, circularán exclusivamente nos circuítos a que se refire o artigo 7.3.a) deste real decreto, pola parte interior ás catro balizas. As motos navegarán sempre no mesmo sentido de xiro arredor do circuíto e a distancia mínima entre elas será de 50 metros.

3. A navegación das motos náuticas deberá respectar as previsións do Convenio sobre o regulamento internacional para previr as abordaxes, feito en Londres o 20 de outubro de 1972, así como as prohibicións establecidas pola normativa en materia de costas.»

Sete. Engádese un novo artigo 13.

«Artigo 13. *Condicións de seguridade dos novos usos das motos náuticas.*

En caso de aparición de novas técnicas ou dispositivos en que tamén se faga uso de motos náuticas, o seu manexo deberá axustarse ás normas de seguridade contidas neste real decreto e ás que estableza o fabricante. A utilización destas novas técnicas ou dispositivos está suxeita á autorización da capitanía marítima, logo de informe da Dirección Xeral da Mariña Mercante.»

Oito. Engádese unha disposición transitoria única.

«Disposición transitoria única. *Validez temporal dos títulos náutico-deportivos de patrón de moto náutica «A», «B» e «C».*

Os títulos náutico-deportivos de patrón de moto náutica «A», «B» e «C» conservarán a súa validez até a súa renovación, ben que esta deberá ter lugar antes do 1 de xullo de 2024. Os títulos que se expidan ben no momento da súa renovación ou ben a partir da data indicada axustaranse ao disposto no artigo 5.»

Nove. Dáse nova redacción á disposición derradeira única.

«Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Fomento para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto e, en especial, para a regulación do curso de monitor de motonáutica.»

Dez. Suprímense os anexos I, II e III do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas.

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.*

O Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante, queda modificado como segue:

Un. A letra d) do número 1 da disposición adicional quinta pasa a ter a seguinte redacción:

«d) Posuír os seguintes certificados ou tarxetas profesionais:

1.º De acordo coas atribucións desenvolvidas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante:

– Tarxeta profesional de operador xeral ou restrinxido do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima, ou ben certificado de operador xeral ou restrinxido do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima se aínda non realizou a troca polo título de operador xeral ou restrinxido.

– Formación sanitaria específica, inicial ou avanzada.

2.º Certificado de especialidade de formación básica en seguridade.

3.º Certificado de embarcacións de supervivencia e botes de rescate (non rápidos).»

Dous. A letra a) do número 4 da disposición adicional quinta pasa a ter a seguinte redacción:

«a) Goberno de embarcacións matriculadas na lista sexta ou sétima, sempre e cando non leven máis de 12 pasaxeiros, nas zonas e condicións que determine a Dirección Xeral da Mariña Mercante.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.*

O Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo, queda modificado como segue:

Un. Dáse nova redacción ao número 1 do artigo 4:

«1. Os títulos recoñecidos neste real decreto habilitan, de acordo cos requisitos e as excepcións previstas neste real decreto, para o goberno das embarcacións de recreo e das motos náuticas abandeiradas ou rexistradas e matriculadas en España que sexan utilizadas exclusivamente para actividades de recreo ou, se for o caso, as que permitan as habilitacións anexas.»

Dous. Engádese unha nova letra c) ao artigo 7:

«c) Habilitacións anexas dos títulos náuticos de recreo, que requirirán cumprir os requisitos e condicións previstos no capítulo VII.»

Tres. Modifícanse os ordinais 5.º e 8.º da letra c) do artigo 9:

«5.º Goberno de embarcacións de recreo de motor de até 24 metros de eslora, que faculta para navegar entre a península ibérica e as illas Balears, incluídas as illas intermedias.»

«8.º Goberno de embarcacións de recreo a vela de até 24 metros de eslora, que faculta para navegar entre a península ibérica e as illas Balears, incluídas as illas intermedias.»

Catro. Dáse nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 11:

«1. As federacións de vela e motonáutica e as escolas náuticas de recreo poderán expedir licenzas de navegación que habilitan para o goberno de motos náuticas e embarcacións de recreo de até 6 metros de eslora e unha potencia de motor adecuada a estas segundo o seu fabricante, que habilitarán para a realización de navegacións diúrnas sempre que non se afasten máis de 2 millas náuticas en calquera dirección dun porto, mariña ou lugar de abrigo.

2. As licenzas a que se refire este artigo garanten que os seus titulares posúen os coñecementos mínimos necesarios para o goberno deste tipo de embarcacións e motos náuticas.»

Cinco. Modifícanse os números 1 e 5 do artigo 15:

«1. As prácticas básicas de seguridade e navegación, así como os cursos de formación en radiocomunicacións, a que se refire este real decreto son de carácter obrigatorio e a súa superación será requisito imprescindible para a obtención do título correspondente.»

«5. Utilizaranse as instalacións e embarcacións de que dispoñan as escolas ou federacións, así como calquera outro equipamento adicional necesario para a correcta impartición das prácticas e cursos de formación. Para os cursos de radiocomunicacións recollidos no anexo IV utilizaranse simuladores de radiocomunicacións que dispoñan dunha certificación dalgún organismo notificado que verifique que cumpren ben cos requirimentos do Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar (Código de formación), 1978, na súa forma emendada, Regra I/12 ou ben cos requirimentos formativos do anexo IV deste real decreto. Nos simuladores informáticos só será válida a versión certificada e aquelas versións posteriores deberán certificarse igualmente.»

Seis. Dáse nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 22:

«1. A acreditación da aptitude psicofísica para o manexo de embarcacións de recreo será realizada polos centros de recoñecemento de condutores (en diante, CRC), inscritos no Rexistro de centros de recoñecemento para condutores de vehículos de motor, segundo determine a normativa de centros de recoñecemento destinados a verificar as aptitudes psicofísicas dos condutores.

2. Os CRC realizarán os recoñecementos médicos correspondentes, de maneira análoga aos condutores de permisos ordinarios (non profesionais) para vehículos terrestres de motor, coas especialidades que se establecen neste real decreto.»

Sete. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 23:

«2. A tarxeta, expedida en formato recollido no anexo VII, é o documento acreditativo de que o seu posuidor obtivo a titulación que o faculta para o goberno das embarcacións de recreo.

O patrón da embarcación, sempre que se faga ao mar, deberá poder acreditar que é titular dunha tarxeta en vigor.»

Oito. Engádese un novo capítulo VII ao Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo, o anterior capítulo VII pasa a ser o capítulo VIII e os artigos 34 e 35 renuméranse como artigos 37 e 38.



## «CAPÍTULO VII

**Habilitacións anexas dos títulos náuticos de recreo**Artigo 34. *Habilitacións anexas.*

1. Os posuidores dos títulos de capitán de iate, patrón de iate e patrón de embarcacións de recreo poderán ser habilitados para:

a) Prestar servizos de transporte de subministracións, sempre dentro as augas interiores marítimas e do mar territorial español até unha distancia máxima de cinco millas desde o porto, porto deportivo, mariña ou praia de saída, efectuados mediante embarcacións de recreo e motos náuticas, con destino a outras embarcacións ou buques de recreo.

b) Realizar actividades de atracada, fondeadura, remolque ou desprazamento de embarcacións de recreo dentro das augas correspondentes a portos, portos deportivos, mariñas ou praias, así como o seu traslado a outro porto ou lugar sempre que a navegación non teña lugar a unha distancia superior a cinco millas náuticas da costa.

c) Realizar probas de mar de embarcacións de recreo e motos náuticas.

d) E o goberno de embarcacións destinadas ao socorrismo en praias.

2. Os posuidores dos títulos de capitán de iate e patrón de iate poderán, igualmente, patronear embarcacións de recreo transportando até 6 pasaxeiros para a realización de excursións turísticas e a práctica de pesca de recreo, dentro do mesmo ámbito xeográfico sinalado no parágrafo anterior.

Artigo 35. *Requisitos das habilitacións.*

1. Os capitáns de iate, os patróns de iate e os patróns de embarcacións de recreo poderán obter as habilitacións anexas a que se refire o artigo 34 logo do cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Dispor das atribucións complementarias propias de cada título de náutica de recreo.

b) Ter efectuado o curso de formación básica en seguridade incluído na Sección A-VI/1 do Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar (Código de formación), 1978, na súa forma emendada, impartido en centros de formación marítima homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

2. A habilitación facultará para realizar as actividades de prestación de servizo a que se refire o artigo anterior en embarcacións de recreo para as que teñan facultado o seu goberno, incluídas aquelas matriculadas na lista sexta, sempre con respecto ás condicións de seguridade que sexan exigibles.

3. Non se poderá trasladar un número de pasaxeiros ou un volume de carga maior daquel para o que estivesen deseñadas as embarcacións, sen que, en ningún caso, o número de pasaxeiros poida ser superior a 6 persoas.

4. Os titulados a que se refire este artigo, obtida a habilitación, poderán desenvolver as actividades para cuxo exercicio faculta este capítulo en motos náuticas sempre que a distancia desde o porto, mariña ou praia de partida non supere as cinco millas, que non se transporten máis pasaxeiros que aqueles indicados polo fabricante das motos nas instrucións de uso e que a carga non sexa superior a 50 quilos.

Artigo 36. *Tramitación das habilitacións.*

1. Para a obtención da habilitación, o interesado presentará solicitude dirixida ao director xeral da Mariña Mercante, preferentemente por medios telemáticos, acompañada da acreditación do aboamento das taxas exixidas polo artigo 24. Naqueles casos de posuidores de titulacións expedidas por unha comunidade

autónoma deberán, ademais, achegar fotocopia desta, así como certificación emitida pola dita comunidade autónoma que verifique a súa autenticidade.

2. A habilitación será válida sempre que tanto o título para o goberno de embarcacións de recreo como o certificado de formación básica en seguridade estean en vigor.»

Nove. Dáse nova redacción aos números 1 e 2 da disposición adicional oitava:

«1. Os posuidores dos títulos de patrón de embarcacións deportivas de motor, segunda clase, primeira clase e vela poderán acceder á titulación de patrón de embarcacións de recreo mediante a realización das prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación e o curso de radio-operador de curto alcance, recollidos neste real decreto: atribucións básicas. Así mesmo, poderán, en calquera caso, obter as atribucións complementarias se realizan as prácticas complementarias correspondentes.

2. Os posuidores do título de patrón de embarcacións deportivas de vela disporán, ademais, das atribucións complementarias de vela.»

Dez. Dáse nova redacción á disposición adicional novena:

«Disposición adicional novena. *Troca de títulos expedidos polas comunidades autónomas.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante trocará aquelas titulacións expedidas polas comunidades autónomas se así o solicitan os interesados. Para isto, ademais de achegar certificación da comunidade autónoma correspondente, en que se verifique a autenticidade do título que se vai trocar, seguirase o procedemento regrado no artigo 24, letra a).

O informe a que se refire a letra c) do artigo 24 só será exigible se o título presentado para a súa troca se encontra caducado; en caso contrario, a validez do título emitido corresponderase coa do achegado polo interesado.»

Once. Engádesse unha disposición transitoria sexta nova, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. *Simuladores de radiocomunicacións homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.*

1. Aqueles equipos adquiridos con base en homologacións anteriores poderán seguir sendo utilizados polo seu comprador, independentemente de que a certificación, unha vez caducada, sexa renovada ou non polo fabricante. Para isto será necesario que a normativa con base na cal se realizou a certificación do organismo notificado non experimente cambios substanciais, de tal forma que resulte imposible lograr os obxectivos de formación descritos nela cos ditos equipos.

2. Aqueles simuladores homologados directamente pola Dirección Xeral da Mariña Mercante con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, unha vez que caducasen as certificacións que acreditan as homologacións, seguirán automaticamente en vigor por un prazo máximo de cinco anos, transcorridos os cales deberán someterse ao regulado no artigo 15.5 deste real decreto.»

Doce. No anexo I, na epígrafe de titulacións que terán a validación polo título de Patrón de Embarcacións de Recreo (atribucións básicas), nas titulacións da Garda Civil, engádesse unha nova fila de cadros e queda co seguinte texto:

«Titulacións da Garda Civil	
– Mariñeiro e mecánico-mariñeiro do Servizo Marítimo da Garda Civil.	
– Mergullador da Garda Civil (especialidade actividades subacuáticas).»	

Trece. No anexo II, no punto 4, patrón de iate, a letra a) do número 1 do exame teórico pasa a ter a seguinte redacción:

«a) Globalmente. Para lograr o aprobado deberase responder correctamente un mínimo de 28 preguntas e non se permitirá en certas materias superar un número máximo de erros:

- De teoría de navegación, máximo cinco erros permitidos.
- De navegación carta, máximo tres erros permitidos.»

Catorce. No anexo III, o número 2.5.2 queda redactado como segue:

«2.5.2 O requisito imposto polo artigo 15.8 en canto ao número máximo de alumnos por cada práctica poderá elevarse até 9 alumnos.»

Quince. No anexo IV, os números 2.2.2 e 2.3.2 pasan a ter a seguinte redacción:

«2.2.2 Os cursos de formación de radio-operador de curto alcance realizaranse en réxime de formación académica e poden levarse a cabo en tantas sesións de formación como a escola náutica de recreo considere oportunas. O requisito imposto polo artigo 15.8 en canto ao número máximo de alumnos será só de aplicación ás horas de formación práctica específica, no parágrafo de prácticas da epígrafe D2, D3 correspondentes ao punto 5.2.»

«2.3.2 Os cursos de formación de radio-operador de longo alcance realizaranse en réxime de formación académica e poden levarse a cabo en tantas sesións de formación como a escola náutica de recreo considere oportunas. O requisito imposto polo artigo 15.8 en canto ao número máximo de alumnos será só de aplicación ás horas de formación práctica específica, no parágrafo de prácticas da epígrafe D2, D3 correspondentes ao punto 5.3.»

Dezaseis. No anexo VI modifícase o número 2.2:


«2.2 As prácticas regulamentarias de navegación realizaranse nunha única sesión e en réxime de travesía. O requisito imposto polo artigo 15.8 en canto ao número máximo de alumnos por cada práctica, poderá elevarse até 9 alumnos.»

Dezasete. No anexo VIII, o número 2, o certificado médico, queda como segue:

### «Número 2

Timbre do centro

Número de inscrición no Rexistro - \_\_\_\_\_



Foto

D. \_\_\_\_\_

Director do centro de recoñecementos

\_\_\_\_\_

Informa:

Que D. \_\_\_\_\_  
Con DNI/NIE/Pasaporte n.º \_\_\_\_\_, nacido o \_\_\_\_\_, se someteu ao recoñecemento facultativo pertinente das aptitudes médicas e psicolóxicas necesarias para a (1) \_\_\_\_\_ do título de \_\_\_\_\_ de conformidade co Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo, en relación coa acreditación da aptitude psicofísica para o manexo de embarcacións de recreo, e visto o ditame (2) \_\_\_\_\_ é considerado (3) \_\_\_\_\_ para (4) \_\_\_\_\_ o título correspondente.

Para os efectos indicados, expido o presente informe en

\_\_\_\_\_, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

- (1) Obtención - Prórroga.
- (2) Positivo - Negativo.
- (3) Apto - Non Apto.
- (4) Obter - Prorrogar.

O director do centro  
(Selo e sinatura)

Caduca aos 90 días naturais.

ENFERMIDADES OU DEFICIENCIAS

OBSERVACIÓNS

Sinatura do director en caso de existiren observacións»

## «ANEXO IX

## Títulos expedidos por outros Estados

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓN	OBSERVACIÓN
ANDORRA	Patrón de Costa.	Navegación até 12 millas en paralelo á costa en embarcacións de até 24 metros.	
	Patrón de Altura.	Navegación sen limitación de eslora nin de distancia.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓN	OBSERVACIÓN
ARXENTINA	Patrón de late Vela e Motor.	Sen afastarse máis de doce millas da costa (inclúe Río de la Plata sen limitacións).	
	Temoeiro de late Vela e Motor.	Navegación en augas interiores, embarcacións de até 20 m de eslora.	
	Piloto de late Vela e Motor.	Sen restricións.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓN	OBSERVACIÓN
CHILE	Patrón Deportivo de Baía.	Navegación en augas interiores.	
	Capitán Deportivo Costeiro.	Navegación á vista da costa.	
	Capitán Deportivo de Alta.	Sen limitacións.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓN	OBSERVACIÓN
URUGUAI	Zona A: Navegación Oceánica.	Sen restricións.	
	Zona B.	Habilitada para navegar no Río de la Plata e unha franxa costeira oceánica de 15 millas de largo até a desembocadura do Arroyo Chuy. (Sen afastarse máis de 15 millas de terra.)	
	Zona C.	Habilitada para navegar dentro dun raio de 15 millas do porto de despacho no Río de la Plata inferior e Océano Atlántico. No Río de la Plata superior e o Río Uruguai, o dito raio será de 20'. (Sen afastarse máis de 15 millas de porto base.)	
	Zona D.	Habilitada para navegar dentro dun raio de 5 millas do porto de despacho, no Río da Plata e Océano Atlántico. No Río Uruguai, ríos e lagoas interiores, o dito raio será de 10'. (Sen afastarse máis de 5 millas de porto base.)	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓN	OBSERVACIÓN
VENEZUELA	Licenza de Patrón Deportivo de Segunda.	Embarcacións menores de 40 toneladas de rexistro bruto, sen afastarse máis de 12 millas da costa.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓN	OBSERVACIÓN
CANADÁ	Pleasure Craft Operator Card.	Embarcacións de recreo sen limitacións.»	

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2019.

Dado en Madrid o 5 de abril de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,  
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO